

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 8 DE FEBREIRO DE 2023.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día oito de febreiro de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, en substitución do Vicesecretario accidental e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para baixada a cota cero dun ascensor en edificio de vivendas de planta baixa, entresollado, tres plantas altas e baixocuberta, na rúa da Xesta, número 1, (2022/Y001/000252); para instalación de ascensor en edificio de vivendas sito na rúa Divina Pastora, número 6 (2022/Y001/000284); para instalación de ascensor en edificio de vivendas sito na rúa Lamas de Prado, número 120 (2022/Y001/000270) e para a construción de almacén con uso agropecuario para autoconsumo, no lugar de Lamas de Vilar, Pedreda (2021/Y001/000067).

Acórdase denegar a licenza urbanística para a construción de instalacións domésticas de manexo de gando ovino en réxime de semiliberdade, en de Vilachá, parroquia de San Pedro de Labio (2020/Y001/000320).

Acórdase a concesión da licenza urbanística para baixada a cota cero do ascensor e a ampliación dunha parada no baixocuberta modificando a mesma, no edificio sito na rúa Cidade de Vigo, número 5(2022/Y001/000242).

Tamén se acorda denegar a licenza urbanística para legalización de reconstrución de alpendre para a cría de novillas de leite en o Burgo, parroquia de San Vicente do Burgo (expte: 332/14).

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7126542168177257664.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-2-2023

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a incoación de expediente de resolución do contrato incumprimento de obrigas esenciais. No contrato administrativo correspondente á contratación subministración (adquisición), instalación e mantemento integral de 57 desfibriladores para edificios e instalacións municipais do Concello de Lugo. exp. ref. 2021-C0004-000016.

Acórdase a aprobación do prego técnico e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto 9 contratación do servizo de soporte, mantemento e actualización de contidos e de software da plataforma de venda de entradas do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de contratación. Exp. ref. 2023/C003/000005.

Tamén se acorda a aprobación do prego técnico e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación do mantemento integral de 57 desfibriladores e 10 totems instalados no Concello de Lugo e da formación dos/as traballadores/as e a apertura do procedemento de contratación. Exp. ref. 2022/C003/000009.

Acórdase a segunda prórroga do contrato dende o 10/03/2023 e o 09/03/2024 no contrato dun servizo bancario de instalación de terminais de punto de venda nas dependencias municipais do Excelentísimo Concello de Lugo. (expte ref: 2019-043).

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto. adxudicación por procedemento aberto na contratación de subministración de emulsión bituminosa para o mantemento de toda a rede de camiños municipais e a apertura do procedemento de contratación. Ref. exp 2023/C004/000004.

Acórdase a petición de ditame ao Consello Consultiva de Galicia á proposta de resolución definitiva do contrato por demora no cumprimento de prazos no contrato da obra renovación das redes de abastecemento e saneamento en varias ruas do Barrio do Grupo la Paz; exp. ref. 2021-C002-000055.

3. FOMENTO.- Acórdase a aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Lugo e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) para a xestión da programación da rede galega de teatros e auditorios do primeiro semestre do ano 2023.

4. PERSOAL.- Acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade para catro prazas de técnico de administración xeral pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (2 OEP 2020, 1 OEP 2021, 1 OEP 2022).

Acórdase o incremento retributivo do 2,5% , con efectos do 1 de xaneiro do 2023, previsto na Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.

Tamén se acorda a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a sete prazas de administrativo/a pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (unha incluída na OEP 2017, unha incluída na OEP 2018 e 5 incluídas na OEP 2020).

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

5. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórsse a aprobación do proxecto denominado -Boramus- para concorrer á convocatoria de concesión de axudas de elaboración de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da agua.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.